

ACTIVIDADE 1: Corrixe os cazapos do texto sobre a vida e a obra de Manuel Antonio.

Manuel Antonio Pérez Sánchez naceu en Vilagarcía en 1890. Quedou orfo de pai moi novo e a familia, extremadamente conservadora, atravesaba moitas dificultades económicas, polo que todo parecía indicar que seguiría a carreira eclesiástica. Porén, en 1914 acaba marchando a Compostela para cursar o bacharelato. A vida compostelá permítelle entrar en contacto cos movementos nacionalistas, como as Irmandades da Poesía, feito que o leva a afastarse do conservadorismo familiar. No ano 1919 Manuel Antonio ingresa na Escola Oficial de Náutica de Marín e en 1923 convértese en piloto da Mariña Mercante. Mentres cursa os seus estudos, comeza a publicar artigos en revistas como *Alfar* e *Ronsel* e a participar en actividades nacionalistas. Desta incipiente inqueda literaria é froito o manifesto ¡Máis alá!, asinado xunto co pintor Álvaro Cebreiro en 1922. A partir dese momento, o rianxeiro mantivo unha actividade intelectual intensa, relacionándose principalmente con Castelao, Vicente Risco e Curros Enríquez, con quen adoita discutir apaixonadamente sobre arte popular e literatura. Manuel Antonio realiza prácticas de piloto a bordo de diferentes barcos que o levan a cruzar o Atlántico, mais axiña se fai patente que padece hepatite; esta doenza acaba con el en 1950. A obra poética de Manuel Antonio está composta por tres poemarios, dos que só *De catro a catro* foi publicado en vida do autor. A súa restante produción literaria permaneceu inédita até tempos recentes. O seu primeiro libro, *Con anacos d'o meu interior*, mestura elementos modernistas e tradicionais; mentres que o segundo, *Foulas*, deixa entrever a influencia vangardista, pois nel as imaxes aproxímanse ao modelo creacionista, con poemas inspirados nas coplas. Por outra parte, *Sempre e mais dispois* é un poema extenso de carácter lírico que ofrece a visión do autor sobre a emigración. Por último, *Follas Novas* (obra composta por seis poemas de ton elexíaco) constitúe o seu testamento literario. A obra máis singular de Manuel Antonio é *De catro a catro. Follas sin data d'un diario d'abordo* (1928), que ten unha clara influencia creacionista, pois crea un universo partillado polo home, o mar e o barco. O libro constitúe o diario poético dunha viaxe polo mar e, ao tempo, dunha viaxe interior marcada pola esperanza e a alegría. Ábrese co poema “Intencións” e finaliza con “Adeus”, de modo que a travesía en barco aparece completa, cunha estrutura fechada. As súas características máis destacadas son: a creación dun ambiente labrego; a introdución de imaxes inesperadas e novidosas; o antirromanticismo e a utilización de tecnicismos e estranxeirismos propios da linguaxe marítima.

COMPETENCIAS: DOS ARQUIVOS DO TRASNO (Rafael Dieste)

1. **Le o texto en voz alta, pero ollo coas secuencias en grosa:**

- a) **Ao** pronúnciase sempre **aberto: ó [ɔ]**.
- b) En **publicar o conto, destacar os seus valores e todos os elementos** temos as segundas formas do artigo **lo e los**; primeiro en contacto co **–r final** do infinitivo e, no último caso, co **–s final** do cuantificador indefinido **todos**.

DOS ARQUIVOS DO TRASNO

Dos arquivos do trasno é unha colección de contos dados a coñecer polo autor en publicacións periódicas. Parece ser que o inicio da xénese da obra hai que situalo no ano 1923, en que o autor publica nunha revista titulada *Charamuscas* o conto "O vello que quería ve-lo tren". Como dato curioso, convén sinalar que a revista se realizaba en terras africanas, e en galego, onde nesa altura participaba como soldado na guerra de Marrocos o propio escritor.

Con posterioridade, durante a súa colaboración co xornal *Galicia*, comeza a publicar na sección "Domingos literarios de Galicia" colaboracións literarias en forma de contos. A fins de 1925 pasa a traballar no xornal *El Pueblo Gallego*, continuando coa publicación dalgún conto máis, até que en 1926 se decide a formar con eles un pequeno volume, saíndo do prelo con cargo **ao** soldo do propio autor. O libro levaba por título o xa coñecido, co subtítulo "Contos do monte e do mar", que desaparecerá das edicións posteriores. Incluía oito contos, ademais do limiar: "En col da morte de Bieito", "De cómo se condanóu o Ramires", "A lenda da vella Lusca", "A luz en silencio", "Hestoria dun xoguete", "O vello Moreno", "O vagamundo" e "O vello que quería ve-lo tren". (...)

Dieste vai continuar co seu labor de escribir novos contos, que no mesmo ano 1927 inclúe a modo de apéndice a continuación da obra teatral *A fiestra valdeira*: "O neno suicida", "Na morte de Estreliña", "Espanto de nenos" e "O grandor do mundo". Outros seis contos máis van ir aparecendo nas páxinas do xornal de Portela Valladares: "Pampín", "Na ponte de ferro", "Nova York é noso", "O caso dos tres fornos", "Once mil novecentos vinteseis" e "O drama do cabalo de axedrez".

Xa na guerra civil, o autor vai **publicar o conto** "O neno suicida" en *Nova Galiza* e aparecerá na mesma revista un "Conto portugués" que nunca incluírá na súa obra de contos en galego. Xa establecido no exilio bonaerense, vai escribir dous novos contos polos anos 50: "Un conto de reis" e "De cómo veu a Rianxo unha balea", cos que pon fin á súa produción narrativa no noso idioma.

En 1962, ao ano de ter retornado a Galiza, sae do prelo na editorial Galaxia a segunda edición do libro, fixando definitivamente o contido, que fica da seguinte maneira: o limiar e os oito contos da primeira edición de 1926, os catro incluídos na primeira edición da súa obra teatral, os seis publicados en *El Pueblo Gallego* e os dous contos escritos en Bos Aires. Aínda así, no 1973, Dieste vai preparar para a mesma editorial unha terceira edición que, conservando os mesmos contos e organización da anterior, supón a versión definitiva da obra.

Así pois, resulta evidente que os contos son resultado de diferentes impulsos creadores e mesmo responden a períodos de tempo tamén distintos. Mais, a pesar disto, a primeira característica a destacar destes é a súa fundamental unidade. No breve "Limiar" de 1926, o escritor rianxeiro expoñía a súa teoría sobre o conto, resumida quizais de xeito magnífico na seguinte metáfora: "O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz". Para el, o final había ser esa "luz" en que debían confluír **todos os elementos** do conto. A unidade emotiva é o outro elemento esencial.

Pódese dicir que neste libro de Rafael Dieste conflúen dúas correntes importantes: a tradición popular galega e as modernas innovacións no campo da literatura narrativa. Dieste non só se inspira no pobo para tomar del a técnica empregada, senón que os seus protagonistas son parte dese mesmo pobo tamén, nun afán por **destacar os seus valores** éticos. Para isto, case sempre parte da realidade e, por abstracción, somete as diferentes situacións e personaxes a un proceso de eliminación das súas condicións materiais de vida para que fiquen claramente arquetipos.

Desa mestura entre tradición e innovación naceu unha obra plenamente galega canto **ao** seu contido e, **ao** tempo, universal desde o punto de vista da creación artística ou da técnica literaria. Moitos estudosos da súa obra teñen resaltado neste libro a importancia que xoga o extraordinario ou marabilloso, que o relacionaría con autores como Allan Poe ou Borges; e a presenza tamén do elemento popular galego, o que o achega á obra do propio Castelao. A súa vinculación co realismo máxico sitúa *Dos arquivos do trasno*, á altura de 1926, como un libro único e incomparable no contexto das diferentes literaturas peninsulares. (Adaptación)

<http://literaturagalega.as-pg.gal/a-etapa-contemporanea-s-xx/dos-arquivos-do-trasno.html>

2. **Anota todas as revistas e xornais nos que Dieste publica os seus contos.**

3. **Explica os dous aspectos importantes que conflúen *Nos arquivos do trasno*.**

4. **Escolle un título dos contos de Dieste e crea un relato adaptado ao noso tempo e a personaxes populares actuais.**
(Por parellas. No caderno)